

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Modificación parcial Bases reguladoras: axudas a autónomos obrigados a suspender a apertura ao público e axudas a autónomos que reducirán significativamente os seus ingresos

MODIFICACIÓN PARCIAL DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGÚN R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO, E DAS BASES DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS QUE REDUCIRAN SIGNIFICATIVAMENTE OS SEUS INGRESOS DESDE O R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO.

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 28 de maio de 2020, acordou a modificación parcial das bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Arteixo para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo R.D. 463/2020 de 14 de marzo, e das Bases das axudas para o impulso da actividade económica municipal de Arteixo para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para autónomos/as que reducirán significativamente os seus ingresos desde o R.D. 463/2020 de 14 de marzo. Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación da modificación das Bases reguladoras para xeral coñecemento. Esta modificación estará exposta no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Arteixo, 2 de xuño de 2020.

O ALCALDE

Por delegación, Decreto nº 416/2020

Asdo. dixitalmente. Ángel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do contido do punto oito da base oitava das bases reguladoras referenciadas deixando a mesma co seguinte teor literal:

“8.- Logo da aprobación polo órgano competente, as solicitudes que resulten estimadas **favorablemente**, serán publicadas na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo e na Base Nacional de Subvencións (BNDS), considerando o regulado pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de “Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales (LOPDGDD)” sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos. Esta publicación terá os efectos de notificación. Aquelas solicitudes estimadas de xeito **desfavorable**, serán notificadas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administración Públicas.”

2020/3302